



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2021 – VERÁN –	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID-19

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID-19 PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2021 – CONVOCATORIA VERÁN.

I.- Requisitos para participar no Programa.

- 1) A persoa participante non está diagnosticada de COVID-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- 2) A persoa participante non convive con ninguén afectado/a polo COVID-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo COVID-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade
- 3) Se a persoa participante presenta sintomatoloxía asociada co COVID-19 non acudirá ao Programa e contactará co Centro de información á muller (CIM) ou coa persoa coordinadora do monitorado.

II.- Entrada e saída.

- 1) A entrada e saída da actividade da/o menor realizarase acompañada/o por unha soa persoa, que deberá acudir provista/o de máscara cirúrxica.
- 2) Deberase gardar a distancia de seguridade establecida polas autoridades competentes.
- 3) Establecerase un tempo adaptado a cada centro onde se desenvolve o Programa para facilitar a entrada e saída de maneira escalonada.



III.- Desenvolvemento do Programa.

1) Lavado ou desinfección de mans polas/os participantes e o monitorado á entrada e saída, antes da merenda, despois de ir ao baño e despois de actividades que puideran supoñer contacto con superficies ou elementos de risco.

2) Información no primeiro día e recordatorio diario das medidas de seguridade polo COVID-19 sobre a hixiene de mans e comportamento ante tose, febre, dificultade ao respirar, contacto con ollos, nariz e boca, relación coas/cos compañeiras/os e desenvolvemento xeral do Programa.

3) As/Os participantes e o monitorado terán permanentemente a súa disposición auga, xabón e papel para secado de mans ou xeles hidroalcolícos.

4) Sinalización visible sobre as medidas hixiénico sanitarias e de prevención polo COVID-19.

5) Reorganización da actividade de forma que se eviten as aglomeracións e o contacto físico e se favoreza o cumprimento das medidas de distancia interpersonal.

6) Ventilación constante dos espazos pechados.

7) Limpeza e desinfección das instalacións e dos elementos e materiais utilizados na prestación do servizo de acordo coas recomendacións e normativa das autoridades competentes

IV.- Uso de máscaras cirúrxicas polas/os participantes e o monitorado.

As persoas de seis anos en diante quedan obrigadas ao uso de máscaras cirúrxicas en todo momento.

Esta obriga non será esixible nos supostos que a/o menor presente algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara cirúrxica ou que, por situación de discapacidade ou dependencia, non dispoña de autonomía para quitarse a máscara cirúrxica, ou ben presente alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



V.- Coordinador/a COVID-19.

O/A Coordinador/a do monitorado será a persoa responsable da coordinación das medidas de prevención e control do COVID-19 que se establecen neste documento.

VI.- Actuación ante síntomas asociados ao COVID-19.

1) Cando unha/un participante inicie síntomas ou estes sexan detectados por unha persoa traballadora da actividade:

- ✓ Levarase a unha sala para uso individual que conte con ventilación adecuada.
- ✓ A/O menor e a persoa adulta que a/o acompaña deberán contar con máscara cirúrxica.
- ✓ Darase aviso á familia.
- ✓ Porase en marcha o contacto co sistema sanitario para avaliar o caso e seguir as indicacións.

2) Cando unha persoa traballadora da actividade inicie síntomas:

- ✓ Comunicará esta situación ao persoal coordinador do monitorado e ao persoal municipal responsable do Programa.
- ✓ Abandonará de inmediato a actividade.

VII.- Identificación positiva de caso de COVID-19.

- ✓ Obriga de confidencialidade e de velar pola privacidade da persoa positiva.
- ✓ Notificación ás familias, monitorado, persoal implicado e responsables do Programa da existencia dun positivo.
- ✓ Seguimento dos protocolos sanitarios.



CONCELLO DE REDONDELA

✓ Posibilidade de decretar a cancelación do Programa e o peche temporal do centro no caso de que o determine a autoridade competente.

VIII.- Normativas e disposicións polo COVID-19.

O Programa municipal de conciliación regularase pola normativa e medidas establecidas polas autoridades competentes en relación ao COVID-19.